

Sons e voces para as nosas letras

Unha lectura colectiva, un roteiro, concertos, obradoiros e actividades en librerías lembran a María Victoria Moreno polo 17 de maio

Redacción | A Coruña | 18.05.2018 | 09:48



Sons e voces para as nosas letras



Roteiro con Xurxo Souto, o alcalde antes da lectura colectiva da obra de María Victoria Moreno no pazo municipal e público na praza de María Pita.

víctor echave

Días das Letras Galegas 2018

A praza de María Pita, a praia de San Amaro, o Sporting Club Casino, salas culturais e algunhas librerías da cidade foron algúns dos lugares que onte lembraron con diversas actividades á mestra e escritora **María Victoria Moreno**, a homenaxeada polo **Día das Letras Galegas**. Voces que fixeron soar as verbas da autora e obradoiros, teatro, música e roteiros sobre distintos aspectos da cultura galega e local formaron parte dos programas organizados pola festividade.

A xornada tivo a súa cita institucional no **Concello**. Desde o balcón do pazo municipal de María Pita deuse unha lectura pública e colectiva, aberta á veciñanza, dunha obra de **María Victoria Moreno**. O alcalde da **Coruña**, **Xulio Ferreiro**, abriu o acto cun poema do libro *Das últimas mareas*, da poeta e xornalista Ana Romaní, e edís como José Manuel Sande e Daniel Díaz Grandío leron partes da obra da mestra estremeña comprometida coa **lingua galega**. Outro dos seus contos, *Can branco, can negro*, foi lido ás 20.00 horas no Sporting Club Casino, onde houbo tamén unha función de ballet e un concerto da súa Coral Polifónica.

Librerías como Suévia, Berbiriana, A

Carapuchiña Feroz e Azeta abriron pola mañá para chamar aos nenos a unha xornada de obradoiros, lectura de contos, manualidades e música a cargo de artistas como Xebre, Pedro Brandariz e Félix Arias na que Moreno foi tamén protagonista. Na Sala Gurugú o grupo Elsinor Teatro representou unha peza de Manolo Lourenzo. O sábado haberá máis xogos, actuacións musicais e actividades relacionadas coas Letras Galegas nas librerías El Faro de los Tres Mundo e Cascanueces.



Outro punto de encontro da veciñanza e da cultura foi o entorno da **praia de San Amaro**, onde pola mañá comezou un **roteiro** gratuíto conducido por **Xurxo Souto** no que tiveron cabida historias, mitos e lendas da xente do mar e coa Torre de Hércules como protagonista. Mañá e durante catro sábados haberá encontros no Club do Mar para tecer a literatura con moitas historias do faro romano.